



Título: 12 grandes...Filósofos
Autor: Isidro García Tato
Editorial: Lóstrego, Santiago de Compostela, 2003
Núm. pp.: 127
Tamaño: 16 x 11

O profesor e investigador Isidro García Tato abandona momentaneamente ou, mellor dito, fai un alto no que é o seu campo habitual de investigación —o mundo medieval e teolóxico— para penetrar na selva filosófica. O resultado é un magnífico libro de peto coidadosamente escrito no que revisa doce grandes filósofos.

Sinala no prólogo que a súa intención non é reinterpretar ningún dos autores senón dalos a coñecer nunha linguaxe intelixible. A filosofía non é cousa duns poucos senón de todos ou de moitos. Cita dúas obras que son proba do interese que esperta este sabercando se escribe nunha linguaxe intelixible e accesible: o libro de Jostein Gaarder (*O mundo de Sofía*) e o de Lou Marinoff (*Máis Platón e menos Prozac*). Ámbolos dous deron a volta ó mundo, traducidos a varios idiomas e convertidos en auténticos *best-seller*. A filosofía é interesante porque toda persoa trata de entenderse a si mesma así como o mundo no que vive. A dificultade está en que hai poucos autores que escriban

sobre filosofía que sexan, á vez, bos filósofos e bos escritores. De aí o mérito que ten a obra do doutor García Tato quen, sen pretender facer unha exposición exhaustiva de cada un dos autores, meta imposible de alcanzar no espacio reducido dun libro de peto, penetra no fundamental de cada un deles deixando marcados os problemas básicos, as liñas conductoras do seu pensamento.

A presente obra é un percorrido pola historia das ideas no que se pon de manifesto o coñecemento directo que o autor ten da obra dos filósofos nas citas pouco correntes que fai. Iso, unido a certos datos ou anécdotas que non acostuman a aparecer nos manuais de filosofía, danlle ó escrito un frescor e amenidade infrecuentes. Pero non hai que confundirse: non é un libro que trate de enganchar pola anécdota. Esta só aparece no momento oportuno contribuíndo a esclarecer o pensamento ou poñendo un grao de sal na vida do personaxe. Non falta tampouco o enfoque persoal, que se evidencia no título asignado a cada un dos autores tratados, como

“Thales de Mileto ou o berce da filosofía”, “Platón ou o amor filosófico”, “Aristóteles ou o filósofo do mundo”, “Agostiño de Hipona ou a utilidade do pecado”, “Tomé de Aquino ou o entendemento bautizado”, “Descartes ou o filósofo detrás da máscara”, “Spinoza ou o borracho de Deus”, “Kant ou a meticulosidade do pensamento”, “Hegel ou o espírito do mundo en persoa”, “Nietzsche ou o nihilismo”, “Heidegger ou o pastor do ser”, “Wittgenstein ou o ocaso da filosofía”.

Na filosofía grega escolle a Tales de Mileto, por ser o comezo da filosofía en Occidente, e a Platón e Aristóteles, as dúas figuras máis relevantes. Alguén pode preguntarse por qué non incluíu a Pitágoras, Sócrates ou os Sofistas, calquera deles achegaría máis ca Tales, pero el ten o mérito de inaugurar o camiño das ideas. Probablemente esta sería a razón de preferilo fronte ós outros. Tales rompe co mito pero, ó mesmo tempo, o mito mantense nel, asoma cando di que “todo está cheo de deuses”. Entón, a auga como orixe hai que entendela ligada ó océano que envolve a Terra e é principio de todo. “Deste xeito —afirma— en toda a realidade hai unha causa divina cun poder orixinal como corrente primitiva do mito e que todo o traspasa como a auga, vivificadora de todo”. E botando man da anécdota que lle aconteceu a Tales cando unha moza tracia se riu del porque, embebido nos seus pensamentos e mirando ó ceo, non se decatou do buraco que tiña diante dos pés, aproveita o autor para sinalar o destino da

filosofía: quen non pasa pola experiencia de sentir o abismo baixo os pés, descoñece o que é filosofía.

Unha das ideas polas que se coñece a Platón é polo amor platónico. Seguindo o seu exemplo utiliza iso como escusa para irnos guiando polo variado labirinto das ideas platónicas. Non hai maior pracer có coñecemento. O maior entusiasmo que se pode acadar nesta vida é a contemplación da esencia, o filosofar. “A filosofía é a máis alta perfección do eros na idea”. Pero non pensaría do mesmo xeito o seu discípulo Aristóteles. A vida non o levou a ser tan idealista: un provinciano, feble de pernas e ollos pequenos que “ó falar zarabeteaba un pouco”, quedou axiña orfo. Interésase pola realidade na multiplicidade das súas aparencias pero, sobre todo, polo ser humano nas diferentes facetas. Pode poñerse como iniciador do Humanismo ó propoñer como lema: “convértete no que es”.

Agostiño de Hipona é un personaxe central nun momento histórico que acaba un mundo e se enceta outro novo dirixido dende a teoloxía cristiá. El vai ser a “alma máter” no inicio do camiño no que vai alumear ata preto do final da escolástica en que é cegado polo sol resplandecente da enorme figura de Tomé de Aquino. En ambas figuras se pon de manifesto o contraste entre a súa grandeza intelectual e humana e as loitas que sostiveron contra si mesmos ou a súa familia.

Na modernidade céntrase en tres grandes figuras: Descartes, Spinoza e

Kant. Quedaría máis completa a exposición con algún empirista, como Locke ou Hume. Deste xeito redúcese á liña racionalista-idealista transcendental. A Descartes preséntao como o filósofo de “de trás da máscara”, cualificativo que choça coa claridade que o pensador francés defende como criterio central da súa filosofía, aínda que no campo da ciencia, á vista do que estaba sucedendo con Galileo, si se escondeu e preferiu non dar a cara. Polo demais, o seu pensamento reflicte a luminosidade mediterránea, unha vez superada a travesía da dúbida, e convértese nunha filosofía da certeza. A visión que ofrece o libro sobre Spinoza é positiva, e mesmo ten certo carácter rehabilitador dun personaxe tan aldraxado e sobre o que tanto pesou a excomunión xudía que dicía “que o seu nome sexa borrado baixo o ceo e queira Deus que para a súa condena-ción se aparte de todas as tribos de Israel [...], que ninguén se achegue a el a menos de catro varas, que ninguén lea nada redactado ou escrito por el” —di a Grande Excomunión. Para o autor do libro, Spinoza é un crítico ca relixión xudeocristiá, pero non é un ateo, senón que para recoller a frase de Novalis, é un “home borracho de Deus” que relativiza o home a mundo para resaltar a Deus, como única substancia. Kant recolle os froitos do racionalismo, pero sitúase máis alá del ó poñer o suxeito como eixe do coñecemento. Móstrase unha preferencia pola metafísica, pola dificultade de atoparlles resposta ás lexítimas preguntas que o ser humano se fai sobre a súa liberdade, a inmortalidade ou Deus, cuestións que —explica—, cando trata-

mos de explicalas atopámonos cos límites do propio coñecemento. Só dende a moral, dende a dimensión práctica podemos reclamar unha resposta.

No século XX toca dúas figuras tan diferentes como Hegel e Nietzsche. Resume de forma concisa e clara os diferentes banzos do pensamento hegeliano e dá unha explicación do seu método dialéctico partindo do amor como base. A Nietzsche dedícalle dez páxinas: dende a 93 á 103. En pouco espacio dá unha visión intensa e certa-ira do filósofo errante, da súa misoxinia favorecida ou ocasionada pola súa familia onde el é o único home, e tamén polo serodio namoramento e posterior frustración. Tamén fala da enfermidade contraída na xuventude e que mortificou a súa existencia ata ter que abandonar a súa prometedor cátedra en Basilea, como consecuencia dela, deambulou por pensións modestas en Italia, Austria ou Alemaña. E, por suposto, tampouco se omite a excepcional importancia que tivo no rumbo da súa vida a obra de Schopenhauer: “Aquí vin eu a enfermidade e a saúde, o desterro e o refuxio, o inferno e o ceo. A necesidade de autocoñecemento [...], cativáronme fortemente”, cita. Pero de Nietzsche non se ofrece a peor cara, a negativa, a nihilista. Tamén nel se albisca luz ó final do túnel. O nihilismo apunta a algo positivo, un novo mundo e unha nova realidade. Hai que escribir “novos valores en novas táboas”, pero para iso, para que poida xurdir un novo ser humano, debe desaparecer o vello.

No século vinte elixe dúas filosofías contrapostas: a de Heidegger, que representa o retorno á metafísica, e a de Wittgenstein, que nega toda metafísica; un Heidegger que lle fixo as beiras ó nazismo fronte a un Wittgenstein que loitou contra el. Ambos son, sen embargo, espíritos grandes que foxen do ruxido cara á soidade para meditar e remoer as súas ideas máis orixinais. Heidegger foxe á súa casa na montaña de Todtnanberg onde alterna as horas de traballo coa conversa cos campesiños na cantina. Wittgenstein marcha á súa cabana nos fiordes noruegueses, practicamente desconectado do mundo.

Preséntase a Heidegger como o “pastor do ser”. O primeiro Heidegger, o do Ser e Tempo, atopa o sentido do ser no Dasein, no home, onde se fai comprensible o ser. A angustia e o sentido da morte levan a desvelar o sentido do ser. Na segunda etapa Heidegger réstalle protagonismo ó home para devolverllo ó ser do que aquel forma parte.

En a penas dez páxinas expón o autor os trazos básicos da complexa personalidade de Ludwig Wittgenstein, unha especie de San Francisco da Filosofía que reparte a súa inmensa fortuna entre irmáns e algúns amigos para sentirse máis libre e así dedicarse na austeridade ó que verdadeiramente lle interesa: a filosofía. Durante a Primeira Guerra mundial rematou o *Tractatus* no campo de prisioneiros de Montecasino. Nesa obra expón a súa precisa visión da realidade. O mundo non é un conxunto de cousas senón de feitos. Eses feitos exprésanse en proposicións que os

reflicten como unha imaxe no espello. As proposicións amosan a forma lóxica da realidade. O que é pensable pode expresarse claramente e, sobre o que non se pode falar, hai que calar. Con isto pon os límites entre o mundo pensable e expresable e aquilo sobre o que hai que gardar silencio: o mundo do místico no que entra o sentido da vida, a ética, a relixión. Pero, co tempo, Wittgenstein mudou de idea e mesmo contradixo o antes afirmado no *Tractatus*. O coñecido como segundo Wittgenstein —das *Investigacións Filosóficas*— amosa as súas preferencias polas cousas e a linguaxe cotiá. Os problemas da filosofía derivan da mala comprensión da linguaxe. A tarefa da filosofía consiste en esclarecer eses problemas e, unha vez logrado, xa non ten razón de ser.

Esta obra de peto, clara e amena, consegue a difícil virtude de facer comprensible en linguaxe sinxela ideas complexas e profundas. É unha obra válida para non avezados á filosofía e tamén para estudantes de Bacharelato xa que lles brinda en poucas páxinas unha panorámica dabondo completa da historia do pensamento, salpicada de anécdotas e detalles de humor que lle dan viveza e colorido á narración, convertendo a súa lectura nun pracer pouco habitual en obras desta temática.

Manuel Rivas García
Instituto Rosalía de Castro
Santiago de Compostela